



## SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS

### INFORMACIÓN PÚBLICA: GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

FACULTADE DE  
CIENCIAS  
DA  
EDUCACIÓN  
  
OURENSE

## RECURSOS HUMANOS

### *Descrición do profesorado:*

Consultar WEB da facultade

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/?q=node/151>

### *Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos*

A facultade de Ciencias da Educación do Campus de Ourense sitúase, xunto coa Facultade de Historia, en tres edificios: Edificio de Ferro, Pavillón 1 e Pavillón 2 do Campus de Ourense.

No edificio de Ferro sitúase ademais, o Vicerreitorado do Campus, o Persoal de Administración e Servizos (PAS) e as aulas onde se imparte a docencia de devanditas facultades.

No pavillón 1, atópanse os despachos dos profesores, unha sala de exposicións, así como a sede de dous Departamentos. Finalmente, o pavillón 2 alberga exclusivamente despachos de profesores.

O total de persoal de administración e servizos do Campus de Ourense ascende a 98 persoas, das cales 45 son funcionarios e 53 laborais.

Baixo a coordinación da Vicegerencia e a Administradora do Campus Norte de Ourense, na **Facultade de Ciencias da Educación**, hai:

Polo que se refire a **persoal funcionario**:


- Tres secretarías de Departamento: unha para os departamentos de "Historia" e para "Análise e intervención Psicosocioeducativa"; outra para os de "Didáctica, organización escolar e métodos de investigación" e para "Didácticas especiais"; e outra para "Psicoloxía Evolutiva e Comunicación".
- Unha Xefa de administración, un Responsable de asuntos económicos, unha Secretaria de Decanato e tres Postos base.

Polo que se refire ao **persoal laboral**:

No edificio de Ferro sitúase 1 Técnico especialista de servizos xerais e 4 Auxiliares técnicos de servizos xerais, 2 con quenda de mañá e outros 2 con quenda de tarde.

- No pavillón número un, sitúanse 1 Técnico especialista de servizos xerais e 2 Auxiliares técnicos de servizos xerais, 1 con quenda de mañá e 1 con quenda de tarde.

Este persoal de apoio, formado polo PAS funcionario e laboral, considérase suficiente para atender ás necesidades dos/as alumnos/as do futuro Grao.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p><b>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</b></p> <p><b>INFORMACIÓN PÚBLICA:</b> <b>GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA</b></p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	---	--

A Xunta de Titulación do Grao en Educación Social ten autonomía para conformar a súa plantilla, valorando especialmente tanto a categoría académica como a experiencia profesional relevante.

O profesorado do Grao é obxecto de avaliación por parte do alumnado, a partir de procedementos deseñados pola Universidade e de mecanismos estipulados pola propio título. Participar nos procesos avaliativos colabora coa mellora do Grao.

O Grao ten á súa disposición persoal de administración e servizos (PAS) que se atopa na seguinte dirección web <http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/?q=taxonomy/term/44> ), punto de referencia para todo tipo de información. O Grao comparte coa Facultade o resto do persoal administrativo (que inclúe responsable de asuntos económicos, administradora de centros, etc.), o persoal de conserxería, e outro tipo de persoal de servizos comúns a outros títulos: técnico en actividades culturais, de deportes, servizos informáticos, de biblioteca, etc.

Ademais do persoal docente e de administración e servizos o Grao conta cos recursos humanos que nos aportan as diferentes institucións que colaboran co Practicum.

#### ***Procedemento documento da política do PDI e PAS***

Este procedemento pódese consultar no seguinte vínculo:  
[procedemento estratéxico PE02](#)

#### ***Procedemento documentado da xestión do PDI e PAS (captación e selección, formación e avaliación)***

Este procedemento pódese consultar nos seguintes vínculos:  
[procedemento apoio PA05](#)